



Concello de Vigo  
Expte. 4784/1101

## ACTA

### PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 1/2024

### SESIÓN ORDINARIA DO 27 DE XANEIRO DE 2024

#### ORDE DO DÍA

- 1. Actas anteriores:** Extraordinaria do 23 de decembro e ordinaria do 30 de decembro do 2024.

#### PARTE RESOLUTIVA

##### Ditames das comisións informativas:

##### ORZAMENTOS E FACENDA

- 2.** Dar conta do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstas nas leis, correspondente ao 4º trimestre do 2024. Expte. 29094/541 (Expte. Pleno 4780/1101).

##### PARQUES E XARDÍNS, COMERCIO, PARTICIPACIÓN CIDADÁ E FESTAS ESPECIAIS

- 3.** Aceptar a renuncia de D. Luis Espada Recarey ao cargo de Valedor do Cidadán e proposta de nomeamento de Dª Dolores Galovart Carrera para ocupar dito cargo. Expte. 3895/321 (Expte. Pleno 4779/1101).

##### Mocións:

- 4.** Moción do grupo municipal do BNG para o recoñecemento da figura de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao como primeiro Presidente da Galiza e a celebración este 2025 do ano Castelao. Expte. Pleno 4788/1101.
- 5.** Moción do grupo municipal do Partido Popular sobre o superavit orzamentario do ano 2024. Expte. Pleno 4792/1101.
- 6.** Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia á integración da rede galega de trastornos aditivos no Servizo Galego de Saúde. Expte. Pleno 4789/1101



Copia do documento - Concello de Vigo 4821-1101	Data impresión: 22/05/2025 10:10 CSV: A2A5E2-8134EA-C6CFAA-69YLY5-FQPZZV-FD	Páxina 1 de 33
--	--	----------------

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

7. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia á adopción de diversas medidas en atención primaria. Expte. 4790/1101.
8. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia á posta en marcha de iniciativas relacionadas coa saude mental. Expte. Pleno 4791/1101.

## PARTE DE CONTROL

### **Resolucións.**

9. Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 20/12/24 e o 20/01/25, incluídas no expediente 1829/1102. (Expte. Pleno 4786/1101).
10. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 20/12/24 e o 20/01/25, incluídas no expediente 1830/1102.(Expte. Pleno 4787/1101).

### **11. Formulación de rogos.**

### **12. Formulación de preguntas.**

## ASISTENTES

### POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Ilmo. Sr. Alcalde (incorpórase as 11,48 h.)  
Aguiar Castro, Yolanda  
Alonso Suárez, Olga  
Aneiros Pereira, Jaime  
Caride Estévez, María José  
Espinosa Mangana, Elena  
Estévez Rodríguez, Pablo Luis  
Fernández Pérez, José Manuel  
Gómez Díaz, Gorka  
Iglesias González, Ana Laura  
Iglesias López, Patricia  
Lago Barreiro, M.<sup>a</sup> del Carmen  
López Font, Carlos  
Mejías Sacaluga, Ana Maria  
Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
Rivas González, Ángel  
Rodríguez Calviño, Patricia  
Rodríguez Rodríguez, Nuria  
Silva Rego, M.<sup>a</sup> Carmen

### POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Benavides Alonso, Daniel  
García González, Patricia  
González Abeijón, Fernando  
Martin Peña, Jose Miguel  
Sanchez Méndez, M.<sup>a</sup> Luisa

### POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe  
Martínez Piñeiro, Ana  
Pérez Igrexas, Xabier

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e nove horas e cinco minutos (09:05) do día vinte e sete de xaneiro do ano dous mil vinte e cinco (27/01/25), coa Presidencia da 1.<sup>a</sup> Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego, por ausencia



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:10	Páxina 2 de 33
4821-1101	CSV: A2A5E2-8134EA-C6CFAA-69YLY5-FQPZZV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, ata as 11,48 horas que se incorporou á sesión, e a asistencia dos concelleiros arriba sinalados, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida.

Asiste pola Intervención o Interventor Xeral municipal, don Alberto Escariz Couso, e pola Secretaría o Secretario Xeral do Pleno, don Jose Villán Fuertes, que dá fe do acto.

Constatada a existencia de quórum suficiente para a súa constitución, o Sr. Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

*\*.- **Incidencia.** Preside a sesión plenaria a 1ª Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego, por ausencia do Alcalde Presidente.*

## **1.(1). ACTAS ANTERIORES: EXTRAORDINARIA DO 23 DE DECEMBRO E ORDINARIA DO 30 DE DECEMBRO DO 2024.**

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos membros presentes (25) da Corporación apróbanse as seguintes actas:

- Sesión núm. 22/2024 extraordinaria, celebrada o 23/12/2024.
- Sesión núm. 23/2024 ordinaria, celebrada o 30/12/2024.

## **PARTE RESOLUTIVA**

### **Ditames das comisións informativas:**

*\*.- **Incidencia.** Sendo as 09:08 h., co permiso da Presidencia, incorpórase á sesión plenaria a Sra. Lago Barreiro, concelleira do grupo municipal Socialista. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e seis (26) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.*

## **2.(2). DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGO DAS OBRIGACIÓNS PREVISTAS NAS LEIS, CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DO 2024. EXPTE. 29094/541 (EXPTE. PLENO 4780/1101).**

ANTECEDENTES.- Dase conta do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos de pago das obrigas do Concello de Vigo, Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo e Fundacións que pertencen ao perímetro de consolidación, correspondente ao 4º trimestre do ano 2024, de data 14 de xaneiro de 2025, que di o que segue,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:10	Páxina 3 de 33
4821-1101	CSV: A2A5E2-8134EA-C6CFAA-69YLY5-FQPZZV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

«LEXISLACIÓN APLICABLE.-

Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, coa modificación incorporada polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro.

Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014.

Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade 2015 do MINH.

Guía trimestral e mensual que se incorpora na plataforma do Ministerio.

INFORME.-

I. Ámbito subxectivo

O artigo 2.b) da Lei 3/2004, establece que aos efectos regulados nesta Lei, considérase como: (...) b) Administración, aos entes, organismos e entidades que forman parte do sector público, de acordo co artigo 3 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público.

II.- Ámbito obxectivo.

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos (capítulos II e VI do Orzamento de Gastos, quedando incluídas tamén aqueles pagos que se fan con cargo ao capítulo IV como forma de pago dos bonos polo uso do transporte urbano público colectivo). Quedan fora do ámbito da Lei as operacións que no estean baseadas nunha relación comercial, as que teñen causa nunha relación estatutaria e de persoal ou as que son consecuencia da potestade expropiadora ou da acción de fomento.

Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagas con cargo ao Fondo para o Financiamento dos Pagos a Provedores. Así mesmo, quedan excluídas as propostas de pago que fosen obxecto de retención como



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:10	Páxina 4 de 33
4821-1101	CSV: A2A5E2-8134EA-C6CFAA-69YLY5-FQPZZV-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados por órganos xudiciais ou administrativos.

Así mesmo, o Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, no seu artigo 5, regula como funcións propias da Tesourería Local:

(...)

c) La elaboración de los informes que determine la normativa sobre morosidad relativa al cumplimiento de los plazos previstos legalmente para el pago de las obligaciones de cada Entidad Local.

e) La elaboración y acreditación del período medio de pago a proveedores de la Entidad Local, otros datos estadísticos e indicadores de gestión que, en cumplimiento de la legislación sobre transparencia y de los objetivos de estabilidad presupuestaria, sostenibilidad financiera, gasto público y morosidad, deban ser suministrados a otras administraciones o publicados en la web u otros medios de comunicación de la Entidad, siempre que se refieran a funciones propias de la tesorería.

III.- Período legal de pago e data de inicio do cómputo do PMP axustándose ao sistema de cálculo previsto no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coa modificación incorporada Real Decreto 1040/2017), tomando como data de aprobación da conformidade, a conformidade técnica.

A Lei 11/2013, de 26 de xullo, de Medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, modifica no seu artigo 33, entre outros, o artigo 4 da Lei 3/2004, xa citada, establecendo:

*“1. El plazo de pago que debe cumplir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad.*

(...)

*2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios. En este caso, el plazo de pago será de treinta días después de la fecha en que tiene lugar la aceptación o verificación de los bienes o servicios, incluso aunque la factura o solicitud de pago se hubiera recibido con anterioridad a la aceptación o verificación.*

*3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda acordar un plazo superior a 60 días naturales. (...)*”

Do mesmo modo, o artigo 198.4 da Lei 9/2017, de 9 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que:

*“La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 210.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:10	Páxina 5 de 33
4821-1101	CSV: A2A5E2-8134EA-C6CFAA-69YLY5-FQPZZV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías prestación del servicio.

*Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210 y en el apartado 1 del artículo 243, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio”.*

Pola súa parte, a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, incluíndo no seu apartado catorce a disposición adicional quinta co seguinte literal:

*“Disposición adicional quinta. Plazo de pago a provedores.*

*Las referencias en esta ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días.”*

A Administración, polo tanto, dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desta data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso.

O inicio do cómputo do período medio de pagamento, tanto das operacións pagadas como as pendentes de pago, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, dende o rexistro da factura na plataforma FACE-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou se fose o caso de acredores non suxeitos a obriga de presentar a mesma na Plataforma Face por non estar no ámbito que regula o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. En todos os supostos, o rexistro da factura supón a anotación automática no rexistro contable de facturas, empezando o período de cómputo.

Así, o inicio do cómputo do período medio de pago ou «dies a quo», tanto das operacións pagas como das pendentes, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútanse «desde a entrada da factura ou documento xustificativo no rexistro administrativo que corresponda», ata o seu pago ou ata o último día do período.

En canto ao cómputo dos días de pago ou pendentes de pago aos efectos do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coa modificación incorporada polo Real Decreto 1040/2017, é o seguinte:

Para as que se atopen pagadas ao final do período de cómputo

- a) A data de conformidade das certificacións de obra ata a data de pago material por parte da Administración.
- b) A data de conformidade dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados, ata a data de pago material por parte da Administración.

Para as pendentes de pago



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:10	Páxina 6 de 33
4821-1101	CSV: A2A5E2-8134EA-C6CFAA-69YLY5-FQPZZV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Pendientes de pago e conformadas: desde data de conformidade até o último día do período de cómputo, agás, que os días transcurridos desde data rexistro até conformidade, sexa superior aos días transcorridos dende a data de rexistro +30, nese caso, a data de cómputo é a de data de rexistro +30 até o último día do período de cómputo.

Pedientes de pago e non conformadas ao final de período de cómputo: Se, desde data de entrada en rexistro contable de facturas até final do período de cómputo é menor que data rexistro+30, non computa no PMP.

Se, desde data de entrada en rexistro até final do período de cómputo é mayor que data rexistro+30, o número de días de cómputo é desde data rexistro+30 até final do período de cómputo.

Cando se pague esta factura, coa conformidade, os días de cómputo son desde data rexistro+30 até a data de pago.

O criterio de rexistro + 30, e o prazo que ten a Administración como máximo para dar conformidade, polo que, a partires desa data, a factura entra no cálculo do PMP, a data que ten a administración para conformar é a prevista no artigo 198.4 de la LCSP.

Salvo casos particulares como a Certificación Final de Obra (3 meses para aprobar e 30 días desde esta para pagar) e en caso de liquidación de Contrato (60 días para pagar desde a aprobación da liquidación de contrato), a Administración ten que facer fronte ao pagamento dentro dos 30 días seguintes á conformidade da factura, ademais, deberá conformar a mesma dentro dos 30 días seguintes a da súa presentación.

IV.- Estructura e datos a incluír nos Informes de Morosidade.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou no ano 2015 unha Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio:

Ministerio([www.minhafp.gob.es/Documentación/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/ManualUsuarioMorosidadv20.pdf](http://www.minhafp.gob.es/Documentación/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/ManualUsuarioMorosidadv20.pdf)),

que dispón que os informes haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo, independentemente da data de rexistro da factura ou certificación de obra.

O artigo 16.6, da Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014, establece que:

*"O informe trimestral, regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na que se incluírá, polo menos, de acordo coa metodoloxía establecida para o cálculo o período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas, o detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores, así como das operacións pagadas e pendentes de pagamento de cada entidade e do conxunto da Corporación Local. "*

A base de datos que se ten en consideración para a análise que conforma o informe, e a mesma que a utilizada mensualmente para dar cumprimento ao previsto no Real Decreto 635/2014 e Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro para dar a información requirida polo MINHAC en cumprimento da Lei de morosidade, é dicir, o Rexistro Contable de facturas, cuxo funcionamento de anotación de facturas é en tempo real, no mesmo momento no que se fai a anotación no rexistro da plataforma FACe



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:10	Páxina 7 de 33
4821-1101	CSV: A2A5E2-8134EA-C6CFAA-69YLY5-FQPZZV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

ou no Rexistro Xeral do Concello, polo tanto, o sistema de información está totalmente integrado e garantista do estado no que se atopa calquera factura.

Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

- Pagamentos realizados no trimestre.
- Intereses de demora pagados no trimestre.
- Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.
- Detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores.
- Tamén se vai a engadir, a contía dos pagamentos feitos tendo en conta o previsto no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo.

V.- Datos correspondentes ao 4º trimestre do ano 2024.

En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, remítese ao Pleno da Corporación o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas correspondentes ao 1º trimestre do exercicio 2024 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigas pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo, o seu Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación (MARCO, CONVENTION BUREAU ), segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo e do seu Organismo Autónomo (Rexistro contable de facturas) e a información remitida das Fundacións Marco e Convention Bureau.

Achégase a información que se envía ao Ministerio de Facenda, que se incorpora a páxina web do Concello de Vigo, información económica e o portal de transparencia.

Situación	Entidade Local	X. M. Urbanismo	F. MARCO	C. BUREAU
<b>Pagos feitos no trimestre</b>				
<i>Dentro do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	2,039	103	154	84
Importe dos pagos	62,297,863.36	563,007.98	154,460.00	206,150.25
<i>Fora do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	6		16	0
Importe	525,355.88		17,114.56	.00
<b>PMP (período medio de pago do trimestre)</b>	<b>7,66 días</b>	<b>10,29 días</b>	<b>19,36 días</b>	<b>4,48 días</b>
<b>Intereses de demora pagados no trimestre</b>				
Nº de pagos	.00	.00	.00	.00
Importe	.00	.00	.00	.00
<b>Pagos pendentes ao remate do trimestre</b>				
<i>Dentro do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	279	22	5	0
Importe dos pagos	6,612,474.87	29,693.21	5,608.49	.00
<i>Fora do período legal de pagos</i>				
Nº de pagos	1	0	0	0



Copia do documento - Concello de Vigo  
4821-1101

Data impresión: 22/05/2025 10:10 | Páxina 8 de 33  
CSV: A2A5E2-8134EA-C6CFAA-69YLY5-FQPZZV-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Importe	12,915.83	.00	.00	.00
<b>PMPP (Período medio pendente de pago do trimestre)</b>	<b>2,62 días</b>	<b>1,07 días</b>	<b>28,95 días</b>	<b>0,00 días</b>

O "Período medio de pago" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días medio que se tardou en realizar os pagamentos, contados dende a data de recepción (Rexistro FACe ou Rexistro Xeral do Concello) da factura.

O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

As facturas pagadas ou pendentes de pago que están ou foron pagadas fora do período legal de pagos, non teñen causa nun problema de liquidez, senón, que na maioría dos casos, a súa causa é o atraso na conformidade e tramitación da mesma polo servizo xestor do gasto, que en cumprimento do previsto na Base 18ª.2.i) das de Execución do Orzamento, debería dar conformidade ou desconformidade ao documento, nos 5 días hábiles seguintes o da súa recepción.

#### Resumo por trimestres de morosidade, en días

Trimestre	Entidade		Entidade		Entidade		Entidade	
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU	
	Días		Días		Días		Días	
	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP
Primeiro	9.74	21.08	21.06	2.44	7.24	8.40	10.75	0.00
Segundo	10.42	12.67	8.93	12.63	11.72	13.60	5.22	0.00
Terceiro	10.97	10.37	18.55	4.66	17.90	17.35	3.67	0.00
Cuarto	7.66	2.62	10.29	1.07	19.36	28.95	4.48	0.00

#### En contías e nº de pagos

Trimestre	Entidade		Entidade		Entidade		Entidade	
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU	
	Importe		Importe		Importe		Importe	
	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago
<b>Primeiro</b>	24,526,644.15	5,235,215.01	354,404.42	55,259.64	156,026.25	2,526.43	253,408.82	.00
Nº pagos	1,028	240	65	15	139	1	43	0
<b>Segundo</b>	38,544,643.32	4,693,089.96	451,813.68	151,496.27	145,228.54	28,346.39	43,197.29	.00
Nº pagos	1,363	249	86	26	145	15	64	0
<b>Terceiro</b>	47,978,046.28	7,340,281.81	310,025.81	181,787.59	137,396.72	24,910.06	67,309.13	.00
Nº pagos	1,407	209.00	69.00	31.00	132.00	14.00	34.00	.00
<b>Cuarto</b>	62,823,219.24	6,625,390.70	563,007.98	29,693.21	171,574.56	5,608.49	206,150.25	.00
Nº pagos	2,045	280	103	22	170	5	84	0

Tendo en conta que a administración dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desa data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:10	Páxina 9 de 33
4821-1101	CSV: A2A5E2-8134EA-C6CFAA-69YLY5-FQPZZV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

atraso, se se esgotasen os prazos previstos para a aprobación e para o pago, se disporían de 60 días.

No trimestre dáse cumprimento ao prazo legal de pago.

Achégase igualmente os datos dos días de pago tanto en períodos mensuais como en contías en relación co Real Decreto 635/2014.

Días de pago para o grupo de consolidación conformado pola Entidade Local Concello de Vigo, Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundación MARCO, Fundación e Fundación CONVENTION BUREAU.

Análise por meses para o grupo

Por días de pago para o grupo de consolidación, conformado polo ratio de pago e o pendente de pago, ano 2024.

PMP , Real Decreto 635/2014 modificado polo RD 1040/2017, correspondente ao ano 2024												
Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro
Ent. Local	8.43	6.76	13.89	14.04	6.59	7.69	9.27	16.69	8.34	8.11	8.39	5.25
MARCO	23.40	31.85	25.28	10.28	17.91	11.23	17.00	16.50	17.34	19.13	22.60	15.61
XMU	18.95	2.77	7.80	4.80	5.18	9.25	11.49	15.63	2.55	6.43	3.16	9.09
V. C.BUR.	19.14	10.60	2.50	3.75	8.82	5.93	3.57	1.53	5.91	5.20	3.62	5.05
<b>PMP Global</b>	<b>10.03</b>	<b>6.71</b>	<b>19.08</b>	<b>18.14</b>	<b>8.59</b>	<b>7.51</b>	<b>9.42</b>	<b>13.76</b>	<b>8.50</b>	<b>8.14</b>	<b>8.13</b>	<b>5.29</b>

Por **contías** pagadas e pendentes de pago ao remate do período, ano 2024

Mes	INSTITUCIÓN							
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU	
	Importe		Importe		Importe		Importe	
	Pagado	Pte.pago	Pagado	Pte.pago	Pagado	Pte.pago	Pagado	Pte.pago
Xaneiro	7,681,572.84	2,961,121.51	245,525.15	42,229.96	12,065.11	47,434.22	249,096.52	0.00
Febreiro	12,840,453.49	3,383,859.33	49,906.55	59,324.79	54,090.52	48,337.97	2,640.93	0.00
Marzo	8,054,313.03	5,525,537.93	60,969.91	55,259.64	89,870.62	2,526.43	1,671.37	0.00
Abril	16,541,130.94	4,149,274.32	82,011.75	75,078.86	64,014.09	18,639.40	11,149.59	6,913.32
Maio	14,465,286.60	6,341,237.08	96,137.62	209,297.35	47,804.90	1,741.53	26,558.76	0.00
Xuño	11,987,764.51	4,997,587.41	273,664.31	151,496.27	33,409.55	28,346.39	5,488.94	0.00
Xullo	12,672,744.84	11,587,831.15	98,456.99	195,011.29	65,124.89	8,805.10	41,809.46	0.00
Agosto	19,566,634.14	8,156,566.83	211,568.82	34,461.08	19,803.96	27,646.65	19,617.60	0.00
Setembro	19,963,041.50	7,161,717.85	.00	181,787.59	52,467.87	24,910.06	5,882.07	0.00
Outubro	15,853,124.61	6,881,253.92	130,890.20	107,607.99	54,289.75	33,953.97	16,443.28	0.00
Novembro	15768439.50	5,410,012.04	77,104.39	174,873.55	85,514.07	3,257.68	37,947.41	80.20
Decembro	37,103,952.37	6,899,240.85	276,363.39	29,693.21	52,106.52	5,608.49	151,839.76	.00
<b>TOTAL</b>	<b>192,498,458.37</b>		<b>1,602,599.08</b>		<b>630,561.85</b>		<b>570,145.69</b>	

Análise para o conxunto do ano 2024 para os entes con Orzamento Limitativo (Concello e XMU)

INSTITUCIÓN	PERÍODO DE PAGO ANUAL/días
-------------	----------------------------



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:10	Páxina 10 de 33
4821-1101	CSV: A2A5E2-8134EA-C6CFAA-69YLY5-FQPZZV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Concello de Vigo	9,65
Xerencia Municipal de Urbanismo	12,83

As diferenzas entre os pagos tomados en conta pola Lei 3/2004 e o RD 635/2014 coa modificación incorporada polo RD 1040/2017, está nas retencións, embargos e pagos parciais, nun caso son tomadas como pagos e noutro non, aínda que, como se pode comprobar a diferenza é de escasa importancia.

En relación co PMP, o RD 1040/2017, incorporou non só variacións no dies a quo, senón na forma de cálculo. O RD 1040/2017, computa desde a data de conformidade da factura até o pago ou até o último día do período de análise.

O que poño en coñecemento da Concellaría delegada de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.»

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria de data 21.10.2024, queda informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta .

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos de pago das obrigas do Concello de Vigo, Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo e Fundacións que pertencen ao perímetro de consolidación, correspondente ao 4º trimestre do ano 2024.

\*.- ***Incidencia.*** Sendo as 09:35 h., auséntase da sesión plenaria o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Pardo Espiñeira. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e cinco (25) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

**3.(3). ACEPTAR A RENUNCIA DE D. LUIS ESPADA RECAREY AO CARGO DE VALEDOR DO CIADÁN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE Dª DOLORES GALOVRT CARRERA PARA OCUPAR DITO CARGO. EXPTE. 3895/321 (EXPTE. PLENO 4779/1101).**

ANTECEDENTES: Con data 30 de decembro de 2024, a xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local de Emprego, co conforme do concelleiro de Participación Cidadá e Distritos e da concelleira de Área de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas, emite o seguinte informe proposta,

«NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en diante, LRBRL).
- Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo.
- Regulamento Orgánico da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións e do Valedor do Cidadán.

ANTECEDENTES



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:10	Páxina 11 de 33
4821-1101	CSV: A2A5E2-8134EA-C6CFAA-69YLY5-FQPZZV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

I. O Pleno do Concello, na sesión ordinaria do día 29 de abril de 2002, acordou por unanimidade o nomeamento de D. Luis Espada Recarey como Valedor do Cidadán.

II. Mediante sesión extraordinaria do Pleno do Concello de data 12 de xuño de 2002, D. Luis Espada Recarey procedeu a tomar posesión do cargo como Valedor do Cidadán ante a corporación local. Dita toma de posesión levou consigo o nomeamento de D. Antón Vidal Andión como Adxunto do Valedor, o cal foi nomeado polo propio Valedor.

III. O día 30 de outubro de 2024, D. Luis Espada Recarey achega escrito ante o Concello de Vigo mediante o cal comunica a súa renuncia ao cargo de Valedor do Cidadán debido a circunstancias persoais.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### I. Cesamento do Valedor do Cidadán:

O art. 8.5.a) do Regulamento Orgánico da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións e do Valedor do Cidadán recolle a renuncia coma unha das causas polas que o Valedor do Cidadán cesará e será relevado do seu cargo.

De acordo co disposto no artigo 8.2 do Regulamento Orgánico da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións e do Valedor do Cidadán, o Valedor do Cidadán continuará nas súas funcións ata a data da súa substitución.

A Disposición Transitoria Primeira engade a estes efectos que as persoas que actualmente desempeñan os cargos institucionais do Valedor do Cidadán e de Adxunto do Valedor manteranse nas súas funcións ata a finalización do vixente mandato corporativo.

### II. Nomeamento do Valedor do Cidadán. Requisitos e incompatibilidades:

O art. 8.3 do Regulamento Orgánico establece que para ser elixido Valedor do Cidadán deberanse reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser veciño de Vigo, maior de idade e estar en pleno uso dos dereitos civís e políticos.
- b) Ter recoñecido prestixio persoal e profesional.

O artigo 8.6 do mesmo Regulamento engade que a condición de Valedor do Cidadán e do seu adxunto é incompatible con todo mandato representativo; con todo cargo político ou actividade de propaganda política; coa afiliación a un partido político ou o desempeño de funcións directivas nun partido político, sindicato e asociacións empresariais; co exercicio das carreiras xudicial e fiscal e ca permanencia no servizo activo do Concello de Vigo ou seus organismos públicos del dependentes ou participados.

O apartado 2 do artigo 8 reflicte que o Valedor, que actuará con independencia, imparcialidade e obxectividade, será elixido polo Pleno da Corporación mediante o voto favorable dos dous tercios do número legal dos seus membros.

A elección será por un período de cinco anos, sen prexuízo da súa reelección por dúas veces.

De acordo co anterior, resulta procedente formular proposta de nomeamento de D<sup>a</sup> Dolores Galovart Carrera para ocupar o cargo de Valedora do Cidadán, para ser sometida a votación polos membros do Pleno, previo informe da Comisión informativa, constando no expediente de referencia a acreditación do cumprimento dos requisitos exixidos para proceder ao nomeamento:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:10	Páxina 12 de 33
4821-1101	CSV: A2A5E2-8134EA-C6CFAA-69YLY5-FQPZZV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- Declaración responsable de cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 8 do Regulamento Orgánico da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións e do Valedor do Cidadán, estando en pleno uso dos dereitos civís e políticos e de non estar incurso en ningunha causa de incompatibilidade co exercicio do cargo de Valedor/a do Cidadá/n (exercicio de mandato representativo, cargo político ou actividade de propaganda política, afiliación a un partido político ou o desempeño de funcións directivas nun partido político, sindicato e asociacións empresariais; exercicio das carreiras xudicial e fiscal e permanencia no servizo activo do Concello de Vigo ou seus organismos públicos del dependentes ou participados).

- CV ca traxectoria persoal e profesional.
- Volante de empadramento

### III. Medios e recursos da Comisión e do Valedor:

O artigo 9 do Regulamento Orgánico da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións e do Valedor do Cidadán, prevé que o/a Valedor/a do Cidadán nomeará un Adxunto que lle auxiliará nas súas funcións e substituiralle nos casos de incapacidade temporal, ausencia ou cesamento do seu titular. O/a Valedor/a do Cidadán poderá delegar, con carácter revogable, parte das funcións que lle son propias no Adxunto por tempo determinado. O/a Adxunto/a cesará automaticamente con ocasión de toma de posesión dun novo Valedor.

O artigo 11 do Regulamento Orgánico da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións e do Valedor do Cidadán establece que o Concello proporcionará á Comisión e ó/a Valedor/a os medios materiais e recursos persoais e económicos necesarios para o seu debido funcionamento. O Valedor dispoñerá dunha oficina administrativa e partida orzamentaria propia para o desenvolvemento das atribucións. As persoas que desempeñen postos de traballo na oficina do Valedor do Cidadán terán a consideración de persoal eventual, no suposto que a tales postos non se adscriba persoal municipal. Cesarán nas súas funcións con ocasión do cesamento do Valedor.

Nos orzamentos municipais consta consignación anual para atender aos gastos de funcionamento da Oficina do Valedor do Cidadán - programa orzamentario 9250 "Atención aos cidadáns", cun importe total de 37.800,00 € - en concepto de subscricións e publicacións, material de oficina e informática, portes e mensaxería, atencións protocolarias e xornadas, soporte técnico, dietas e locomoción, cuxa autorización e disposición de gastos atenderá ao disposto segundo as Bases de Execución do Orzamento Municipal.

Así mesmo, consta nomeamento de dona María Concepción Fragueiro Fernández efectuado mediante Resolución de Alcaldía-Presidencia de data 04/07/2023, a pedimento da oficina do valedor do cidadán (documento núm. 230201980) no posto de traballo de auxiliar administrativa (reservado a persoal eventual na RPT 2023) para o período 2023-2027, a xornada completa, cunha retribución bruta anual de 24.988,60 €.

Os postos de traballo que a vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo para o ano 2023 (BOPPO n.º 93, do martes 16 de maio do 2023) reserva a persoal eventual poden ser consultados no Portal de Transparencia, accedendo ao enlace seguinte:

<https://transparencia.vigo.org/?id=149&tipo=ele&ita=0&lang=ga>

### IV. Órgano competente:

Corresponde a adopción do presente acordo ao Pleno da corporación, de conformidade co artigo 8.2 do Regulamento Orgánico da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións e do Valedor do Cidadán, con aprobación definitiva polo Concello-Pleno o 25 de outubro de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:10	Páxina 13 de 33
4821-1101	CSV: A2A5E2-8134EA-C6CFAA-69YLY5-FQPZZV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

2004 (BOP do 30 de novembro de 2004) modificado mediante acordo plenario do 28 de xaneiro de 2008 (BOP do 2 de outubro de 2024).

De acordo co anterior e, de conformidade co decreto da alcaldía de delegación de competencias específicas de data 28/06/2024, corresponde á concelleira da área de goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e Relación coas empresas, previo informe da Comisión informativa correspondente, formular ao Pleno da Corporación para o seu sometemento a voto, a seguinte proposta.../...»

Deseguido a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

**DITAME.** A Comisión Informativa de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, na súa sesión ordinaria de data 20.01.2025, ditamina favorablemente dita proposta.

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 21 de xaneiro de 2025, número 4782/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, presenta voto particular formulando emenda ao debate para que se modifique a proposta. O texto da emenda consta no expediente electrónico 4784/1101 da sesión plenaria.

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 21 de xaneiro de 2025 (cod. solicitude W1236529-2537), número 4785/1101, o voceiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, Sr. Pérez Igrexas, presenta voto particular formulando emenda parcial ao ditame. O texto da emenda consta no expediente electrónico 4784/1101 da sesión plenaria.

**DELIBERACIÓNS.** Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta .

**VOTACIÓN DO VOTO PARTICULAR DO PP:** Con cinco (5) votos a favor dos membros do Partido Popular, señoras e señores Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, con tres (3) abstencións dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, e dezasete (17) votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, queda rexeitada a emenda.

**VOTACIÓN DO VOTO PARTICULAR DO BNG:** Con tres (3) votos a favor, dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, cinco (5) abstencións dos membros presentes do Partido Popular, señoras e señores Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, e dezasete (17) votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señoras e señores Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, queda rexeitada a emenda.

**VOTACIÓN DA PROPOSTA DITAMINADA:** Con dezasete (17) votos a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores Aguiar Castro, Alonso Suárez,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:10	Páxina 14 de 33
4821-1101	CSV: A2A5E2-8134EA-C6CFAA-69YLY5-FQPZZV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e con oito (8) votos en contra, dos membros do grupo municipal do BNG (3), señora e señores Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, mais dos membros do Partido Popular (5), señoras e señores Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

#### ACORDO.

PRIMEIRO.- Aceptar a renuncia achegada mediante escrito de data 30 de outubro de 2024 de D. Luis Espada Recarey ao cargo de Valedor do Cidadán, de conformidade co disposto no artigo 8 do Regulamento Orgánico da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións e do Valedor do Cidadán.

SEGUNDO.- Nomear a D<sup>a</sup> Dolores Galovart Carrera para ocupar o cargo de Valedora do Cidadán, de conformidade co disposto no artigo 8 do Regulamento Orgánico da Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións e do Valedor do Cidadán..

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente e proceder á súa publicación no portal de transparencia e web municipal.

*\*.- **Incidencia.** Ao remate do asunto anterior, neste intre, en cumprimento de acordo plenario, e a iniciativa da Presidencia, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.*

*\*.- **Incidencia.** Sendo as 09:55 h., auséntase da sesión plenaria a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e catro (24) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.*

#### MOCIÓNS:

#### **4.(4). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA O RECOÑECIMENTO DA FIGURA DE ALFONSO DANIEL RODRÍGUEZ CASTELAO COMO PRIMEIRO PRESIDENTE DA GALIZA E A CELEBRACIÓN ESTE 2025 DO ANO CASTELAO. EXPTE. PLENO 4788/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de xaneiro de 2025, número 4788/1101, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

*"PARA O RECOÑECIMENTO DA FIGURA DE ALFONSO DANIEL RODRÍGUEZ CASTELAO COMO PRIMEIRO PRESIDENTE DA GALIZA E A CELEBRACIÓN ESTE 2025 DO ANO CASTELAO*

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:10	Páxina 15 de 33
4821-1101	CSV: A2A5E2-8134EA-C6CFAA-69YLY5-FQPZZV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Podemos afirmar, sen ningún xénero de dúbidas, que Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo, 30 de xaneiro de 1886 - Bos Aires, 7 de xaneiro de 1950) é a principal figura política e cultural da historia contemporánea de Galiza, unha condición que deriva dunha traxectoria vital guiada pola integridade ética, a loita contra todo tipo de discriminacións e desigualdades, a defensa dos dereitos nacionais de Galiza e a militancia no internacionalismo solidario.

Todo o pensamento e a obra de Castelao emana do seu compromiso político e social, que o levou a participar activamente nas principais organizacións do nacionalismo galego, primeiro nas Irmandades da Fala (coa asistencia á I Asemblea Nacionalista de Lugo en 1918) e máis tarde, xa no período republicano, coa fundación do Partido Galeguista (1931). A súa obra literaria e artística destes anos é plenamente consecuente coa toma de posición en defensa do país, da cultura, da lingua e das aspiracións de xustiza e liberdade do pobo galego. Nos anos 20 a súa actividade centrouse no ámbito cultural, con creacións senlleiras como Cousas ou o álbum e a exposición Nós, e mediante a participación en iniciativas como o grupo e revista Nós, o Museo de Pontevedra ou o Seminario de Estudos Galegos.

Nos anos 30 asumiu cargos de responsabilidade política no Partido Galeguista e exerceu como deputado nas Cortes da República entre 1931-1933 e a partir de abril de 1936. Neste período centrou grande parte dos seus esforzos na expansión do Partido Galeguista e na campaña polo Estatuto de Autonomía, finalmente aprobado en plebiscito popular o 28 de xuño de 1936. Un Estatuto que non vía como un punto de chegada, senón como o primeiro paso para o desenvolvemento do autogoberno de Galiza.

Por este firme e inquebrantábel compromiso co seu país, Castelao tivo que pagar un alto prezo. Primeiro co desterro a Badaxoz (1934-1935) decretado polo goberno dereitista de Lerroux. A partir do golpe de Estado fascista de xullo de 1936, momento no que tomou partido en defensa da legalidade republicana e de Galiza, sufrindo unha persecución implacábel materializada nun expediente de responsabilidades políticas, no espolio da súa casa e dos seus bens, nunha multa de 75.000 pesetas que tivo que pagar a súa familia, e na depuración como funcionario público.

A persecución e o asasinato dos principais líderes do nacionalismo e do republicanismo galego, compañeiros e amigos seus, marcou fundamente a Castelao. Por iso, a partir de xullo de 1936 un dos obxectivos centrais da súa vida foi a denuncia dos crimes da Ditadura e a lembranza, dignificación e recuperación do exemplo das vítimas da represión franquista. Dese empeño xurdiu a escolla do 17 de agosto, data do asasinato do seu grande amigo Alexandre Bóveda, como Día dos Mártires Galegos-Día da Galiza Mártir. Deste mesmo compromiso naceron neses anos de guerra e exilio os Álbuns da Guerra (Galiza Mártir, Atila en Galiza e Milicianos), as campañas de propaganda na URSS (1938), Estados Unidos e Cuba (1938-1939), e o asentamento definitivo con Virxinia Pereira en Bos Aires a partir de 1940. Malia a derrota e a enfermidade que o consumía pouco a pouco, aínda tivo azos para impulsar a creación da Irmandade Galega (1941), para publicar o libro Sempre en Galiza (1944) e outras obras como Os vellos non deben de namorarse ou As cruces de pedra na Galiza, para promover a fundación do Consello de Galiza (1944), do que foi o primeiro presidente, para pronunciar discursos históricos como o Alba de Gloria (1948), e para defender por todos os medios a aprobación definitiva do Estatuto Galego polas Cortes da República, obxectivo que non chegou a ver realizado plenamente.

Toda a súa vida e a súa obra -depositada na súa maior parte do Museo de Pontevedra pola súa vontade e o empeño persoal de Virxinia Pereira-, constitúen un inmenso



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:10	Páxina 16 de 33
4821-1101	CSV: A2A5E2-8134EA-C6CFAA-69YLY5-FQPZZV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



legado político e cultural que é preciso administrar e divulgar, facendo que os seus ideais se fagan realidade na Galiza de hoxe.

Temos a obriga de honrar e celebrar a unha das persoas máis senlleiras da historia de Galiza. Temos a obriga de facelo sendo fieis ao seo pensamento, á súa obra e ao seu compromiso político, que constitúen unha unidade indisolúbel. O primeiro presidente de Galiza foi un demócrata íntegro e exemplar. Todo o que fixo e dixo Castelao, ao longo da súa vida e en todos os lugares do mundo nos que estivo, foi esencialmente política ao servizo da nación e do pobo galego. Como deixou dito Virxinia Pereira “ Toda a arte de Castelao, debuxos, conferencias... son esencialmente política ”.

Inmediatamente despois da súa morte, o franquismo iniciou a construción dunha versión manipulada de Castelao, enalzando o creador e o artista xenial, e atacando, ocultando ou minimizando a súa traxectoria e obra política. Continuar con esta visión distorsionada, convertelo nun mito desprovisto de ideoloxía e de compromiso político, utilizalo como estandarte en contra dos ideais que defendeu, constitúe unha fraude histórica e unha negación do legado inmenso que nos deixou.

Cando se veñen de cumprir 80 anos da publicación no exilio de Sempre en Galiza e da fundación do Consello de Galiza, considerado o primeiro goberno galego, e cando se cumpren 75 anos do seu pasamento en Bos Aires, por todo o anterior, o Grupo Municipal do BNG propón ao Pleno do Concello de Vigo a adopción dos seguintes

#### ACORDOS:

Primeiro.- Solicitar ao Goberno da Xunta de Galiza o recoñecemento de Castelao como primeiro presidente de Galiza, e o Consello de Galiza como o primeiro goberno galego da etapa contemporánea.

Segundo.- Apoiar a declaración do 2025 como Ano Castelao.”

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 24 de xaneiro de 2025, número 4794/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, formula unha emenda de substitución aos puntos 1 e 2 de acordos por un único, á moción presentada e transcrita. O texto da emenda consta no expte electrónico4784/1101 da sesión plenaria.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

O Sr. Pérez Igrexas, Voceiro do grupo político municipal do BNG e poñente da moción, non acepta a emenda formulada polo grupo municipal do Partido Popular.

VOTACIÓN: Con tres (3) votos a favor, dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas; e dezaseis (16) abstencións dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e cinco (5) votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:10	Páxina 17 de 33
4821-1101	CSV: A2A5E2-8134EA-C6CFAA-69YLY5-FQPZZV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Rexeitar a Moción presentada, en data 22.01.25 (Rex. Nº 4788/1101), polo voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, *“Para o recoñecemento da figura de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao como primeiro presidente de Galiza e a celebración este 2025 do ano Castelao”*, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

### **5.(5). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE O SUPERAVIT ORZAMENTARIO DO ANO 2024. EXPTE. PLENO 4792/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de xaneiro de 2025, número 4792/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, formula a seguinte,

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE O SUPERAVIT PRESUPUESTARIO DO ANO 2024

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente encontrámonos en situación de prórroga dos Presupostos Xerais do Estado do ano 2023, debido a que non se aprobou unha nova Lei de Presupostos Xerais para o ano 2025, nin se definiron os obxectivos de estabilidade e sostibilidade financeira para este ano.

Neste contexto, as entidades locais, descoñecen a situación na que quedan as Regras Fiscais para o ano 2025 e por tanto descoñecen como se aplicará o artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira en relación co destino do superávit orzamentario, así como a posibilidade de destinar o superávit do ano 2024, ao establecido na Disposición Adicional Sexta da mencionada Lei Orgánica.

Dada a actual situación financeira dos concellos e o retraso do Goberno de España en abordar o novo sistema de financiación autonómica para que unha vez establecido este, pactar o novo sistema de financiación local que permita ás entidades locais facer fronte ao incremento dos prezos dos gastos correntes así como do capítulo de persoal e prestación de servizos aos cidadáns, é imprescindible determinar canto antes “os obxectivos de estabilidade e sostibilidade financeira que serían de aplicación ás entidades locais no caso de que non se aproben os novos obxectivos para el ano 2025”.

Neste contexto, é necesario que os concellos poidan destinar o superávit do ano 2024 nas mesmas condicións que o ano anterior, nos termos que establece a disposición adicional sexta, que regula una serie de regras especiais para o destino do superávit orzamentario, que van desde a realización de inversións, ao pago a provedores ou á amortización de débeda.

Por os motivos expostos, instamos ao Concello de Vigo que:

#### ACORDOS:

Instar ao Goberno de España a que aprrobe un Real Decreto Lei que permita a prórroga do destino do superávit do ano 2024, para as entidades locais no ano 2025, nos termos que establece a disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012 de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:10	Páxina 18 de 33
4821-1101	CSV: A2A5E2-8134EA-C6CFAA-69YLY5-FQPZZV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, que regula unha serie de regras especiais para o destino do superávit presupostario, que van desde a realización de inversións, ao pago a provedores ou a amortización de débeda.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

\*.- **Incidencia.** Sendo as 10:27 h., durante o debate deste asunto, có permiso da Presidencia, incorpórase á sesión plenaria a concelleira do grupo municipal Socialista Sra. Caride Estévez. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e cinco (25) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

VOTACIÓN: Con cinco (5) votos a favor, dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez; tres (3) abstencións dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas; e dezasete (17) votos en contra dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 22.01.2025 (Rex. Nº 4792/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, “Sobre o superávit orzamentario do ano 2024”, e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

\*.- **Incidencia.** Sendo as 10:28 h., auséntanse da sesión plenaria os concelleiros do grupo municipal Socialista Sr. Rivas González e Sr. Aneiros Pereira, e o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular Sr. González Abeijón. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e dous (22) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

## **6.(6). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA Á INTEGRACIÓN DA REDE GALEGA DE TRASTORNOS ADITIVOS NO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE. EXPTE. PLENO 4789/1101**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de xaneiro de 2025, número 4789/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, formula a seguinte,

### MOCIÓN

«Durante o Goberno de Emilio Pérez Touriño, bipartito do PSOE co BNG, aprobouse o *Plan Estratéxico de Saúde Mental Galicia 2006-2011*, froito do traballo coordinado de máis de 200 profesionais da Rede de Saúde Mental e dos responsables de saúde mental das distintas áreas sanitarias de Galicia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:10	Páxina 19 de 33
4821-1101	CSV: A2A5E2-8134EA-C6CFAA-69YLY5-FQPZZV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Este Plan Estratégico de Saúde Mental 2006-2011, aprobado polo Consello da Xunta o 5 de outubro de 2006, supuxo un esforzo orzamentario sen precedentes na Comunidade Autónoma Galega, co obxectivo de afrontar os desafíos na área de prevención, de asistencia e de rehabilitación, no que se contemplaba especificamente, a atención ás persoas con drogodependencia dentro do sistema público de saúde.

Pola súa banda, o *Plan de Galicia sobre Drogas 2007-2009*, tamén baixo o mandato de Emilio Pérez Touriño, expuxo explicitamente a integración da rede asistencial de drogodependencias de Galicia, como unidades especializadas no tratamento de condutas aditivas, na rede de saúde mental do Servizo Galego de Saúde.

Tamén propuxo iniciar a integración administrativa dos centros de atención á drogodependencia municipais no ano 2009 e a creación transitoria dun consorcio sanitario de drogodependencias para os centros dependentes de ONG.

Lamentablemente, coa chegada de Feijoo ao Goberno da Xunta de Galicia no ano 2009, este folla de ruta foi totalmente desmantelada e dende entón, a única administración competente segue a mirar cara a outro lado.

A Comisión Mixta Congreso-Senado para o Estudo do Problema das Drogas, no seu *"Informe do Relatorio de estudo sobre Sistemas de tratamento e atención en drogodependencia. Claves para o Futuro"*, publicado en 2011, establecía, co máximo consenso, a integración das adiccións dentro do Sistema Nacional de Saúde (...).

A Comisión concluiu como necesaria a integración orgánica e funcional das adiccións, como enfermidade crónica e recidivante, dentro do Sistema Nacional de Saúde e, polo tanto, nos sistemas sanitarios públicos de todas as Comunidades Autónomas.

Os Concellos con Unidades Asistenciais de Drogodependencias levamos anos reivindicando á Xunta de Galicia o traspaso destas unidades ao Servizo Galego de Saúde, por ser a administración competente nesta materia, de xeito exclusivo, segundo o Estatuto de Autonomía de Galicia. Reivindicación que parte da defensa do interese superior doa pacientes atendidos nestas unidades que teñen o dereito a seren atendidos no sistema público de saúde.

Xa no ano 2018, hai máis de seis anos, constituíuse unha comisión mixta coa Consellería de Sanidade no que o obxectivo final era definir como se realizaría ese traspaso.

Absoluta inacción do Goberno do Partido Popular da Xunta de Galicia durante todos estes anos. Fracaso absoluta da dita comisión de transferencias.

Despois da solicitude reitarada dos Concellos afectados, ano tras ano, en marzo de 2021, o Parlamento de Galicia aprobou unha Moción na que se "instaba á Xunta de Galicia a que acordase coa Fegamp o mecanismo para iniciar o procedemento de incorporar ao Sergas os profesionais e servizos sanitarios de saúde mental que prestan os servizos dependentes das administracións locais, para ordenar a atención e que dependa do organismo competente en asistencia sanitaria, que é a administración autonómica".

Froito desta presión constante dos Concellos, un ano máis tarde, o 19 de decembro de 2022, constituíuse, unha vez máis, unha comisión de transferencias entre a Xunta de Galicia e os Concellos afectados, para incorporar este servizo sanitario público esencial



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:10	Páxina 20 de 33
4821-1101	CSV: A2A5E2-8134EA-C6CFAA-69YLY5-FQPZZV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

á rede do SERGAS, xa que é a Comunidade Autónoma a única e exclusivamente competente en materia de atención sanitaria.

Despois de que a Xunta de Galicia, unilateralmente, establecese un cronograma para esta transferencia que fixaba como data tope para a transferencia o 1 de xaneiro de 2024, nada se fixo.

Constantes compromisos incumpridos dende hai máis case unha década, obrigando aos Concello a asumir unha competencia impropia e o que é máis grave, vulnerando os dereitos dos pacientes destas unidades asistenciais que deberían de estar integradas no sistema público de saúde.

En setembro de 2024 volveuse constituir, por enésima vez, unha nova comisión e grupos de traballo para “avanzar” segundo dí a Xunta de Galicia na integración das UADS no sistema público de saúde. Nada máis lonxe da realidade. A única realidade é que nada tiña previsto avanzar a Xunta de Galicia na integración por canto non dotou nos orzamentos da Xunta de Galicia para 2025 nin un só céntimo de euro para esta integración.

Hai uns días, a Consellería Sanidade, interpelada por esta cuestión, respondía que se está a traballar nos grupos constituídos e que en marzo fixarase un novo cronograma para a transferencia. Excusas e excusas para alongar no tempo unha decisión que non queren adoptar. Xa dispoñen das información requirida aos Concellos, tamén por enésima vez.

O único que está a facer a Xunta de Galicia é adiar con excusas falsas unha decisión que non queren nin pretenden tomar. Queren seguir abdicando das súas responsabilidades e competencias propias, vulnerando os dereitos dos pacientes.

Os usuarios das Unidades de Atención son persoas enfermas que teñen dereito á prestación sanitaria que lles corresponde, dun xeito integral, multidisciplinar e dentro do Sistema Público de Saúde, no ámbito das estrictas competencias do goberno galego.

O Concello de Vigo ten a Unidade Municipal de Atención a Persoas Drogodependentes máis grande de Galicia, con máis de 1.000 persoas usuarias, que lle supón aos cidadáns de Vigo un investimento de máis de 1,4 millóns de euros e que, escasamente, recibe unha subvención “rogada” da Xunta de Galicia (competente exclusiva en materia de saúde) de pouco máis de 500.000 euros.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal do PSOE somete á consideración do Pleno a aprobación dos seguintes

#### ACORDOS:

- Instar á Xunta de Galicia a avanzar de forma efectiva nos traballos da comisión mixta para a integración da rede galega de trastornos aditivos no Servizo Galego de Saúde”, para dar cumprimento ao acordo do Parlamento de Galicia de integración das UMAD no Servizo Público de Saúde de Galicia.
- Instar á Xunta de Galicia a aprobar un cronograma de integración de xeito inmediato e a dotar nos orzamentos da Xunta de Galicia a partida orzamentaria necesaria para materializar a dita transferencia antes do 31 de decembro de 2025.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:10	Páxina 21 de 33
4821-1101	CSV: A2A5E2-8134EA-C6CFAA-69YLY5-FQPZZV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- Instar á Xunta de Galicia a, entanto non se produza a transferencia total, asuma (tal e como se comprometeu no mes de abril 2024) á contratación do persoal que cause baixa por mor de xubilacións e á cobertura de vacantes.»

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

A concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. García González, realiza unha emenda “in voce” solicitando inxerir no apartado primeiro da parte resolutiva da moción a seguinte redacción: “Instar á Xunta de Galicia a colaborar coa FEGAMP para avanzar...”. Solicita, así mesmo, a votación dos apartados da parte resolutiva da moción por separado.

A Concelleira poñente da moción, Sra. Aguiar Castro, non acepta a emenda “in voce” ao apartado primeiro da parte resolutiva da moción, nin a votación dos apartados da moción por separado, exposta e solicitada, respectivamente polo grupo municipal do Partido Popular.

VOTACIÓN: Con dezaoito votos (18) a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista (15), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas; e catro (4) votos en contra dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.01.2025 (Rex. Nº 4789/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, “Instando á Xunta de Galicia á integración da rede galega de trastornos aditivos no Servizo Galego de Saúde”, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

\*.- **Incidencia.** Rematada a votación do punto anterior (6), co permiso da Presidencia, incorpóranse á sesión plenaria os concelleiros do grupo municipal Socialista Sr. Rivas González, Sr. Aneiros Pereira e Sr. Pardo Espiñeira, e auséntase o concelleiro, Sr. López Font. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e catro (24) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

## **7.(7). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA Á ADOPCIÓN DE DIVERSAS MEDIDAS EN ATENCIÓN PRIMARIA. EXPTE. 4790/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de xaneiro de 2025, número 4790/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, formula a seguinte,

### MOCIÓN

«A situación da área sanitaria de Vigo é moi deficiente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:10	Páxina 22 de 33
4821-1101	CSV: A2A5E2-8134EA-C6CFAA-69YLY5-FQPZZV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Pasan os meses e os anos e a Xunta de Galicia permanece impasible. Non adopta ningunha medida para emendar as deficiencias que padece a área sanitaria de Vigo.

Non estamos a falar de problemas nun centro de saúde concreto, non estamos a falar dun problema puntual da Atención Hospitalaria, non estamos a falar de casos puntuais. Polo que xa non estamos a falar dunha situación conxuntural senón estrutural. Falta persoal nos PACs e nos centros de saúde. Non hai cobertura de vacantes. Os centros están masificados. Al listas de espera non responden as necesidades dos vigueses e as viguesas

E se falamos de atención hospitalaria, non fai moito coñecemos os datos das listas de espera por especialidades e por áreas sanitarias, referentes a xuño de 2024.

E con estes datos na man ponse de manifesto que é un dos grandes problemas que ten a sanidade en Galicia e moi especialmente en determinadas especialidades na área sanitaria de Vigo.

Ademais os datos das listas de espera en cirurxía, en consultas, nesta área, empeoraron desde os publicados en decembro de 2023.

Por non entrar no tan coñecido informe do Consello de Contas con respecto o Hospital Alvaro Cunqueiro que, entre outros moitos aspectos, indícanos que a fórmula elixida de adxudicación do hospital Alvaro Cunqueiro custounos 470 millóns de Euros máis. Situación que non negou o Conselleiro Maior do Consello de contas na súa comparecencia na comisión de investigación aberta no Parlamento de Galicia. Ademais dun sen fin de irregularidades que pon de manifesto o citado informe.

Pero todo iso para facer un máis pequeno, máis caro e que non responde as necesidades da área sanitaria de Vigo.

Por estes e outros moitos motivos máis, non é de estrañar que o pasado día 16, máis de 62.000 persoas saísen á rúa pedindo o Sr. Rueda "reconstruír a área sanitaria de Vigo".

Por tanto, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes

#### ACORDOS:

- Instar á Xunta de Galicia a que incremente os recursos humanos en atención primaria tanto en médicos de atención primaria, pediatras e enfermeiras. E a curto prazo cubra todas as vacantes destas especialidades.
- Instar á Xunta de Galicia á realización dun plan urxente que leve a acurtar as listas de espera en atención primaria. Plan con resultados medibles e transparentes.
- Instar á Xunta de Galicia a que leven a cabo os investimentos tal e como estaban previstas para dotar ao Hospital Alvaro Cunqueiro de camas suficientes, quirófanos, centro de cirurxía maxilofacial e centro de queimados.
- Instar á xunta de Galicia a que se cumpra o plan funcional do Alvaro Cunqueiro ata conseguir alcanzar o número de intervencións cirúrxicas tal e como estaba previsto.»

Mediante escrito (cod. solicitude W1238139-9169) presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 24 de xaneiro de 2025, número 4793/1101, o voceiro do grupo municipal do Bloque



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:10	Páxina 23 de 33
4821-1101	CSV: A2A5E2-8134EA-C6CFAA-69YLY5-FQPZZV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Nacionalista Galego, Sr. Pérez Igrexas, formula unha emenda adicional á parte resolutiva da moción presentada e transcrita. O texto da emenda consta no expte. electrónico 4784/1101 da sesión plenaria.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

A Concelleira poñente da moción, Sra. Espinosa Mangana, non acepta a emenda presentada polo grupo municipal do BNG.

VOTACIÓN: Con vinte votos (20) a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista (17), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal do BNG (3), señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas; e catro (4) votos en contra dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.01.2025 (Rex. Nº 4790/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, "Instando á Xunta de Galicia á adopción de diversas medidas en atención primaria", cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

\*.- **Incidencia.** Sendo a 11:10 h., co permiso da Presidencia, auséntase da sesión plenaria a concelleira do grupo municipal Socialista Sra. Espinosa Mangana e incorpórase o concelleiro Sr. López Font. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e catro (24) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

## **8.(8). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA Á POSTA EN MARCHA DE INICIATIVAS RELACIONADAS COA SAUDE MENTAL. EXPTE. PLENO 4791/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de xaneiro de 2025, número 4791/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, formula a seguinte,

### MOCIÓN

«O próximo 23 de abril celebrarase o Día Mundial da Saúde Mental Infantil e Adolescente.

Os nenos, nenas e adolescentes, constitúen un terzo da poboación mundial. Este período debería ser unha etapa de crecemento, aprendizaxe e exploración sen preocupacións, sen embargo, de acordo con datos da Organización Mundial da Saúde (OMS) o 50% dos problemas de saúde mental en adultos comenzan antes dos 14 anos e o 75% antes dos 18, e 1 de cada 7 mozos sofre algún trastorno mental.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:10	Páxina 24 de 33
4821-1101	CSV: A2A5E2-8134EA-C6CFAA-69YLY5-FQPZZV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



Os centros escolares deben ser contornas protectoras, ademais de educativas, e fomentar tamén a aprendizaxe emocional e o benestar do alumnado.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación dos seguinte

**ACORDO:**

Instar á Xunta de Galicia para que no prazo dun mes poña en marcha as seguintes iniciativas:

- Dotar aos centros educativos vigueses dos profesionais que poidan proporcionar orientación e asesoramento psicoeducativo e social a toda a comunidade educativa (profesorado, alumnado, familias, monitoraxe ...).
- Reforzar a figura do Coordinador de Benestar e Convivencia con dedicación exclusiva ao seu traballo, con maior formación e recursos suficientes para poder realizalo.
- Realizar xornadas de sensibilización e formación para a comunidade educativa para dispor das ferramentas necesarias para prestar atención aos sinais de alerta dos retos persoais dos nenos, nenas e adolescentes sobre a súa saúde mental.
- Desenvolver nos centros educativos vigueses programas preventivos para a adquisición de habilidades sociais relacionadas coa coeducación, autoestima, atención á diversidade, resolución de conflitos, mellora da convivencia escolar, saúde social, hábitos saudables, prevención e detección en materia de violencia de xénero e benestar emocional.»

**DELIBERACIÓNS:** Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

**VOTACIÓNS:** Con vinte votos (20) a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista (17), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal do BNG (3), señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas; e catro (4) votos en contra dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

**ACORDO:**

Aprobar a Moción presentada, en data 22.01.2025 (Rex. Nº 4791/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, "Instando á Xunta de Galicia á posta en marcha de iniciativas relacionadas coa saúde mental", cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:10	Páxina 25 de 33
4821-1101	CSV: A2A5E2-8134EA-C6CFAA-69YLY5-FQPZZV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

\*.- **Incidencia.** Sendo as 11:40 h., co permiso da Presidencia, incorpórase á sesión plenaria a concelleira do grupo municipal Socialista Sra. Espinosa Mangana. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e cinco (25) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

**FOD 1.(8 bis). MOCIÓN URGENTE DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, ESIXÍNDOLLE EXPLICACIÓNS AO PRESIDENTE DO PARTIDO POPULAR, ALBERTO NÚÑEZ FEIJOO, POLO VOTO EN CONTRA DO SEU PARTIDO AO CONXUNTO DE MEDIDAS SOCIAIS PROPOSTAS POLO GOBERNO DE ESPAÑA. Expte. 4795/1101**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de xaneiro de 2025, número 4795/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN DE URXENCIA

«ESIXIR EXPLICACIÓNS AO PRESIDENTE DO PARTIDO POPULAR, ALBERTO NÚÑEZ FEIJOO, POLO VOTO EN CONTRA DO SEU PARTIDO AO CONXUNTO DE MEDIDAS SOCIAIS PROPOSTAS POLO GOBERNO DE ESPAÑA

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A votación no Congreso dos Deputados, o mércores 22 de xaneiro do presente ano, inmediatamente despois da convocatoria do Pleno ordinario do Concello de Vigo a celebrar o luns 27 de xaneiro, que co voto negativo do Partido Popular deixa sen efecto un conxunto de medidas sociais que afectan á cidadanía española, deixándoa en condicións de grave desprotección.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O mércores 22 de xaneiro votábase no Congreso dos Deputados a convalidación dun decreto do Goberno de España que incluía un conxunto de medidas sociais que representan un auténtico escudo social para toda a cidadanía, especialmente para os máis vulnerables e que daba continuidade a medidas xa vixentes que demostraron ao longo dos anos precedentes, desde o COVID, a necesidade destas medidas.

O Partido Popular de Feijoo votou en contra desta validación, impedindo por tanto a renovación destas medidas sociais, demostrando claramente a súa total falta de implicación nas melloras sociais.

En concreto, o voto en contra do PP, supón:

- En materia de pensións, decae a subida proposta polo goberno do 2,8% para todas as pensións o que prexudica a máis de 12 millóns de cidadáns.
- O Salario Mínimo Interprofesional volvera á cantidade establecida para 2023 e tamén afectará o Ingreso Mínimo Vital.
- Os descontos no transporte público, que tan importantes foron na economía das familias e que tanto significaron nos aspectos de mobilidade cunha total aceptación polos usuarios, deixaron de aplicarse de forma inmediata ao día



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:10	Páxina 26 de 33
4821-1101	CSV: A2A5E2-8134EA-C6CFAA-69YLY5-FQPZZV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

seguinte da votación, co enorme prexuízo económico que supón para aqueles que viñan beneficiándose desta medida.

Nesta materia de transportes, a incidencia sobre a economía das viguesas e vigueses ten un grave prexuízo dado que tamén decae o financiamento do Estado ao transporte xestionado polas Comunidades Autónomas ou Concellos. Para as viguesas e vigueses, o voto en contra do PP, supón que terán que pagar máis por cada viaxe que realicen no transporte urbano da cidade, que tamén terá un custe moi elevado para as arcas municipais.

- Non se poderán aplicar axudas para a compra de vehículos eléctricos que se incluían tamén na prórroga do Plan Moves.
- Queda anulada a prohibición de interromper as subministracións básicas de auga luz e gas para os consumidores máis vulnerables.
- Quedan sen efecto as axudas para os afectados polo paso da dana, previstas por 2.200 millóns de euros para a reconstrución das infraestruturas.

En base a todo o anterior, o Grupo Municipal do PSOE do concello de Vigo, propón ao Pleno a adopción dos seguintes

#### ACORDOS

- Esixir explicacións e responsabilidades ao Presidente do Partido Popular, Alberto Núñez Feijoo, por non apoiar as medidas sociais sobre pensións, transporte público, protección dos máis vulnerables e outras, que afectan directamente e de forma moi negativa ás viguesas e vigueses.
- Esixir explicacións e responsabilidades ao Presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, polo seu silencio sin defender os dereitos desta cidade, que tamén é Galicia.
- Esixir explicacións e responsabilidades ao Partido Popular de Vigo por non defender, unha vez máis, os intereses desta cidade."

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 24 de xaneiro de 2025, número 4796/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, formula unha emenda de substitución á totalidade da parte resolutiva da moción presentada e transcrita. O texto da emenda consta no expte electrónico 4784/1101 da sesión plenaria.

No transcurso do debate, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula unha emenda "in voce" de engadido dun cuarto punto na parte resolutiva da moción presentada e transcrita. O texto da emenda e o seguinte: "*Solicitar ao Goberno do Estado a aprobación urxente dun Real Decreto-Lei individualizado que garanta, de maneira prioritaria, a continuidade das axudas e bonificacións ao transporte e a suba de pensións, así como a aplicación de outras medidas de protección social e a mellora do financiamento de Galiza recollidas no denominado decreto "onmibus" que foi rexeitado no Congreso*".

O voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, poñente da moción, non acepta as emendas presentadas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:10	Páxina 27 de 33
4821-1101	CSV: A2A5E2-8134EA-C6CFAA-69YLY5-FQPZZV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

\*.- **Incidencia.** Sendo a 11:48 h., durante o debate deste asunto, incorpórase á sesión plenaria o Sr. Alcalde Presidente. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e seis (26) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

VOTACIÓN DA URXENCIA: Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes (24) da Corporación, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito e feito, o Pleno da Corporación municipal acorda aprobar a urxencia da moción,

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Con dezanove votos (19) a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia; tres (3) abstencións dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas; e catro (4) votos en contra dos membros presentes do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 24.01.2025 (Rex. Nº 4795/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, "Esixir explicacións ao Presidente do Partido Popular, Alberto Núñez Feijoo, polo voto en contra do seu partido ao conxunto de medidas sociais propostas polo Goberno de España", cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

## **PARTE DE CONTROL**

### **RESOLUCIÓNS.**

#### **9.(10). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS ENTRE O 20/12/24 E O 20/01/25, INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE 1829/1102. (EXPTE. PLENO 4786/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 20/12/24 e o 20/01/25, incluídas no expediente 1829/1102 (Exppte. Pleno 4786/1101).

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

#### **10.(11). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS, DITADAS ENTRE O 20/12/24 E O 20/01/25, INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE 1830/1102.(EXPTE. PLENO 4787/1101).**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:10	Páxina 28 de 33
4821-1101	CSV: A2A5E2-8134EA-C6CFAA-69YLY5-FQPZZV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados ditadas entre 20/12/24 e o 20/01/25, incluídas no expediente 1830/1102 (Expte. Pleno 4787/1101).

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

## 11. FORMULACIÓN DE ROGOS.

**11.1.(12).** Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Abalde Comesaña. «Instar ao Goberno municipal a deixar sen efecto o acordo, arbitrario e inxusto, da Xunta de Goberno Local do 20 de decembro polo que se resolvía unilateralmente o convenio de cesión de uso da sede da Federación de Asociacións veciñais “Eduardo Chao” de Vigo e a poñer fin á política de persecución e represión en contra desta entidade e do conxunto do movemento veciñal da cidade.»

O Sr. Alcalde Presidente responde e consta no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

**11.2.(13).** Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. «Rogamos que o goberno local se reúna cos afectados pola alternativa a A-52, en Bembrive e que concerte unha reunión co Ministerio para que explique o proxecto».

O Sr. Alcalde Presidente responde e consta no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

## 12. FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

**12.1.(14).** Pregunta formulada pola concelleira do grupo municipal do BNG, Sra. Martínez Piñeiro. «Vai o Goberno municipal desculparse coa veciñanza de Bembrive polas lamentábeis declaracións do Alcalde despeizando, nun ton abertamente antidemocrático e provocador, a moi maioritaria oposición veciñal ao proxecto de ampliación da autovía definido polo Ministerio de Transportes e proceder a recibir aos colectivos nos que está organizada a veciñanza da parroquia para atender as súas xustas reivindicacións?»

O Sr. Alcalde Presidente responde e consta no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

**12.1.(15).** Pregunta formulada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. «¿Cando ten previsto o goberno local terminar a obra de reforma das rúas Val Miñor e Fragoso habida conta de que van camiño de duplicar o seu prazo de execución, xerando molestias cando hai partido en Balaídos?».

O Sr. Alcalde Presidente responde e consta no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

### ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:10	Páxina 29 de 33
4821-1101	CSV: A2A5E2-8134EA-C6CFAA-69YLY5-FQPZZV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Asunto : Pleno ordinario xaneiro 2025  
Legislatura: Mandato 2023-2027  
Órgano : Pleno  
Fecha Inici: Lunes, 27 de Enero de 2025 09:06:20  
Fecha Fin : Lunes, 27 de Enero de 2025 11:58:58  
Duración : 02:52:38

- HTML

-----  
[https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos\\_actas.jsp?id=3531](https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3531)

- Media (MASTER)

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 2.3 GiB

Url -

<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/GfCjwcAbXrlF2p32Txh7DyJidbhFrfgGrmIM0wJhcFkm5Xcd.wmv>

SHA512 - 81ea7c2c6c471cf1d40ccf9ead88caa5a9de9fa85487b622bbe6f13f5f1cfa3d7715e8c1340c287435165304c2e28884ff226702c9f26aafe17d614aba449b96

- Media (PROXYS)

-----  
(no disponible)

- Minutaxe

-----  
00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Interventor; Secretario; Silva Rego, Carmen; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda; Rivas González, Angel; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Estévez Rodríguez, Pablo; Lago Barreiro, M.<sup>a</sup> del Carmen; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño, Patricia; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Fernández Pérez, Jose Mamuel; Iglesias López, Patricia; Martín Peña, José Miguel; Sanchez Mendez, Luisa María; Gonzalez Abeijón, Fernando; García González, Patricia; Benavides Alonso, Daniel; Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias, Xabier.  
00:00:35 - Silva Rego, Carmen  
00:00:58 : 1. Actas anteriores: Extraordinaria do 23 de decembro e ordinaria do 30 de decembro do 2024  
00:01:18 : 2. Dar conta do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstas nas leis, correspondente ao 4º trimestre do 2024. Expte. 29094/541 (Expte. Pleno 4780/1101).  
00:01:45 - Aneiros Pereira, Jaime  
00:06:40 - Silva Rego, Carmen  
00:06:47 - Pérez Iglesias, Xabier  
00:11:52 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
00:11:56 - García González, Patricia  
00:16:44 - Silva Rego, Carmen  
00:16:50 - Aneiros Pereira, Jaime  
00:19:54 - Silva Rego, Carmen  
00:20:08 : 3. Aceptar a renuncia de D. Luis Espada Recarey ao cargo de Valedor do Cidadán e proposta de nomeamento de D<sup>a</sup> Dolores



Copia do documento - Concello de Vigo  
4821-1101

Data impresión: 22/05/2025 10:10

Páxina 30 de 33

CSV: A2A5E2-8134EA-C6CFAA-69YLY5-FQPZZV-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

- Galovart Carrera para ocupar dito cargo. Expte. 3895/321 (Expte. Pleno 4779/1101).
- 00:20:20 - López Font, Carlos
  - 00:25:22 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
  - 00:25:26 - Pérez Iglesias, Xabier
  - 00:30:36 - Silva Rego, Carmen
  - 00:30:45 - Martín Peña, José Miguel
  - 00:30:52 - Silva Rego, Carmen
  - 00:31:12 - Martín Peña, José Miguel
  - 00:35:48 - Silva Rego, Carmen
  - 00:35:54 - López Font, Carlos
  - 00:38:57 - Silva Rego, Carmen
  - 00:39:17 - Votación [9:45:36]
  - 00:39:42 - Votación [9:46:00]
  - 00:40:04 - Votación [9:46:22]
  
  - 00:42:01 - -Minuto de silencio en memoria das vítimas de violencia de xénero-
  - 00:43:15 - Silva Rego, Carmen
  
  - 00:43:20 : 4. Moción do grupo municipal do BNG para o recoñecemento da figura de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao como primeiro Presidente da Galiza e a celebración este 2025 do ano Castelao. Expte. Pleno 4788/1101.
  - 00:43:38 - Pérez Iglesias, Xabier
  - 00:48:47 - Silva Rego, Carmen
  - 00:48:51 - Benavides Alonso, Daniel
  - 00:54:05 - Alonso Suarez, María Olga
  - 00:59:13 - Silva Rego, Carmen
  - 00:59:28 - Pérez Iglesias, Xabier
  - 01:02:34 - Silva Rego, Carmen
  - 01:02:41 - Votación [10:09:00]
  
  - 01:03:33 : 5. Moción do grupo municipal do Partido Popular sobre o superavit orzamentario do ano 2024. Expte. Pleno 4792/1101.
  - 01:03:37 - Sanchez Mendez, Luisa María
  - 01:08:03 - Silva Rego, Carmen
  - 01:08:07 - Pérez Iglesias, Xabier
  - 01:13:19 - Silva Rego, Carmen
  - 01:13:26 - Aneiros Pereira, Jaime
  - 01:18:24 - Silva Rego, Carmen
  - 01:18:29 - Sanchez Mendez, Luisa María
  - 01:21:27 - Silva Rego, Carmen
  - 01:21:37 - Votación [10:27:56]
  
  - 01:22:00 : 6. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia á integración da rede galega de trastornos aditivos no Servizo Galego de Saúde. Expte. Pleno 4789/1101
  - 01:22:11 - Aguiar Castro, Yolanda
  - 01:27:17 - Silva Rego, Carmen
  - 01:27:22 - Martínez Piñeiro, Ana
  - 01:32:03 - Silva Rego, Carmen
  - 01:32:11 - García González, Patricia
  - 01:37:19 - Silva Rego, Carmen
  - 01:37:24 - Aguiar Castro, Yolanda
  - 01:40:38 - Silva Rego, Carmen
  - 01:40:53 - Votación [10:47:12]
  
  - 01:41:25 : 7. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia á adopción de diversas medidas en atención primaria. Expte. 4790/1101.
  - 01:41:39 - Espinosa Mangana, Elena
  - 01:46:34 - Silva Rego, Carmen
  - 01:46:41 - Pérez Iglesias, Xabier



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:10	Páxina 31 de 33
4821-1101	CSV: A2A5E2-8134EA-C6CFAA-69YLY5-FQPZZV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- 01:51:50 - Espinosa Mangana, Elena  
 01:51:54 - Martín Peña, José Miguel  
 01:57:09 - Espinosa Mangana, Elena  
 02:01:00 - Votación [11:07:19]  
 02:02:01 - Silva Rego, Carmen
- 02:02:32 : 8 . Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia á posta en marcha de iniciativas relacionadas coa saúde mental. Expte. Pleno 4791/1101.
- 02:02:44 - Alonso Suarez, María Olga  
 02:07:54 - Silva Rego, Carmen  
 02:07:59 - Abalde Comesaña, Filipe  
 02:13:17 - Silva Rego, Carmen  
 02:13:21 - Abalde Comesaña, Filipe  
 02:13:37 - Silva Rego, Carmen  
 02:13:45 - Benavides Alonso, Daniel  
 02:18:39 - Silva Rego, Carmen  
 02:18:46 - Benavides Alonso, Daniel  
 02:19:02 - Silva Rego, Carmen  
 02:19:19 - Alonso Suarez, María Olga  
 02:22:28 - Silva Rego, Carmen  
 02:22:39 - Votación [11:28:59]
- 02:23:01 : Moción de urxencia do grupo municipal Socialista  
 02:23:39 - Votación [11:29:58]  
 02:23:54 - López Font, Carlos  
 02:28:59 - Pérez Iglesias, Xabier  
 02:34:09 - Silva Rego, Carmen  
 02:34:13 - Martín Peña, José Miguel  
 02:39:14 - Silva Rego, Carmen  
 02:39:22 - López Font, Carlos  
 02:42:42 - Caballero Álvarez, Abel  
 02:42:56 - Pérez Iglesias, Xabier  
 02:43:00 - Caballero Álvarez, Abel  
 02:43:07 - Votación [11:49:26]
- 02:43:29 : 9. Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 20/12/24 e o 20/01/25, incluídas no expediente 1829/1102. (Expte. Pleno 4786/1101).
- 02:43:43 : 10. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 20/12/24 e o 20/01/25, incluídas no expediente 1830/1102.(Expte. Pleno 4787/1101).
- 02:43:58 : 11. Formulación de rogos.  
 02:44:01 - Abalde Comesaña, Filipe  
 02:44:38 - Caballero Álvarez, Abel  
 02:44:44 - Martín Peña, José Miguel  
 02:44:58 - Caballero Álvarez, Abel
- 02:45:26 : 12. Formulación de preguntas.  
 02:45:26 - Martínez Piñeiro, Ana  
 02:45:55 - Caballero Álvarez, Abel  
 02:50:24 - Martín Peña, José Miguel  
 02:50:35 - Caballero Álvarez, Abel  
 02:52:38 : [FIN]

Sen máis asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión ás once horas e cincuenta e oito minutos (11:58) redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:10	Páxina 32 de 33
4821-1101	CSV: A2A5E2-8134EA-C6CFAA-69YLY5-FQPZZV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 27.01.2021, e co establecido no artigo 3 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, a presente Acta, identificada co nº 1/2025, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2024.  
am.

A PRESIDENCIA  
M<sup>a</sup> del Carmen Silva Rego  
Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO  
Jose Villan Fuertes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:10	Páxina 33 de 33
4821-1101	CSV: A2A5E2-8134EA-C6CFAA-69YLY5-FQPZZV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		